



Yuisa Villalta

3º Educación Primaria

Día das letras galegas 2024

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña, na rúa Vila de Laxe, o 15 de xullo de 1957. De pequena estudou na súa cidade natal, no colexio das Xosefinas e no instituto Eusebio da Guarda.

Na Universidade de Santiago de Compostela licenciouse en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa. Aprobou as oposicións para profesora de secundaria e impartiu clases de galego nos institutos de Perillo, Canido e Sada.

Foi colaboradora en moitas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... O *Libro das columnas* recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.

Participou activamente en entidades que defendían o noso idioma: a Asociación de Escritores en Lingua Galega e na Mesa pola Normalización Lingüística.


Tamén foi unha grande intérprete de violín e formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.



Luísa Villalta Gómez foi profesora en varios institutos da provincia da Coruña.



O primeiro libro editado por Luísa foi *Concerto para un home só*, unha obra de teatro.

ACTIVIDADES

1. Completa a ficha de acceso de Luísa Villalta ao Instituto.

	MINISTERIO DE EDUCACIÓN NACIONAL	INSTITUTO EUSEBIO DA GUARDA A CORUÑA
SOLICITUDE DE ADMISIÓN		
Nome _____		
1º apelido _____		
2º apelido _____		
Lugar de nacemento _____		
Data _____		
Colexio dos estudos primarios _____		
Localidade _____		

2. Arrodea as afirmacións verdadeiras e corrixe as falsas.

Luísa Villalta naceu en Monforte.

Foi profesora de secundaria.

Colaborou en moitas publicacións galegas.

Tocaba a guitarra.

Dedícanlle este ano o Día das Artes Galegas.


3. Cantos parágrafos ten o texto? Colorea.



4. En que parágrafo da biografía de Luísa Villalta están as repostas a estas preguntas? Localiza o parágrafo e escribe a resposta.

PREGUNTA	PARÁGRAFO	RESPOSTA
Cal foi a súa primeira obra?		
En que colexio coruñés estudou primaria?		
En que instituto coruñés estudou bacharelato?		
Por que se lle dedica o Día das Letras Galegas?		
Con que entidades de defensa do galego colaborou?		
Que carreira universitaria estudou?		

5. Luísa Villalta traballou varios xéneros literarios. Arrodea catro deles.



6. Ordena cronoloxicamente os datos da biografía de Luísa Villalta.

Licenciouse en Filoloxía Hispánica
Naceu na Coruña en 1957
Dedícaselle o Día das Letras Galegas
Estudou no IES Eusebio da Guarda
Deu clases de galego en varios institutos
Aprobou as oposicións para profesora de secundaria
Estudou primaria nas Xosefinas, na Coruña

▶ 1. _____

▶ 2. _____

▶ 3. _____

▶ 4. _____

▶ 5. _____

▶ 6. _____

▶ 7. _____

7. Ilustra a portada do primeiro libro publicado de Luísa Villalta

CONCERTO PARA UN HOME SÓ

8. Arrodea a resposta axeitada.

► NACEU NO ANO:

1957

1947

1955

► APROBOU AS OPOSICIÓNS PARA PROFESORA DE:

PRIMARIA

SECUNDARIA

INFANTIL

► O LIBRO NO QUE SE RECOLLEN OS SEUS ARTIGOS PUBLICADOS NO XORNAL «A NOSA TERRA» TITÚLASE:

LIBRO DAS COLUNAS

COLUMNS

LIBRO VERMELLO

► FORMOU PARTE DA:

ORQUESTRA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
XOVE ORQUESTRA DE GALICIA

9. Completa a ficha do libro e colorea a portada.




TÍTULO

AUTORA

EDITADO POR...


10. Facemos a caricatura de Luísa Villalta?



AS CHAVES DO TEMPO

.I

Pois, que se saiba, este rei tivo dous fillos, don Afonso e don Pedro, criados severamente, porén sen descuido das máis nobres artes como son a música e as cantigas, nas que axiña destacaron como moi bons tanxedores de zanfona, tiorba e lira, que os instrumentos de sopro, segundo dicían os manuais, non conviñan aos de avoengo real pola deformidade que o esforzo puña no xesto de tan nobres facer.



ACTIVIDADES

1. De que trata o texto? Marca a opción correcta.

- ☐ Da caza nos coutos do rei
- ☐ Da vida dos fillos dun rei
- ☐ Da educación dos fillos dun rei
- ☐ Da vida do pazo do rei

2. Onde cres que estudaban os príncipes? Arrodea.

No colexio da vila

No colexio da cidade

No pazo

3. Pon **V** (verdadeira) ou **F** (falsa) nas frases e corrixe as tres falsas.

- ☐ O rei tivo tres fillos
- ☐ Afonso era curmán de Pedro
- ☐ Os príncipes foron criados severamente
- ☐ Os príncipes eran moi bos tocando a gaita








4. Que poderían deformar os fillos do rei se tocaran instrumentos de vento? Colorea.



A BOCA




AS MANS




OS OLLOS


5. Debuxa as caras cos xestos da acción que lles corresponde.




O ENFADO



A TRISTURA



A SORPRESA




A RISA

6. Une cada definición co instrumento musical que lle corresponde e escribe o seu nome. Colorea.


ZANFONA

Instrumento musical de corda con teclado que funciona cunha manivela.




TIORBA

Instrumento musical de corda con dous grupos de cavillas nun único mastro.



LIRA

Instrumento musical antigo, semellante a unha arpa pequena en forma de U.




7. Clasifica os instrumentos musicais do recadro, vento ou corda?

ZANFONA GAITA LIRA FRAUTA TIORBA TROMPETA

VENTO

CORDA

8. Resolvemos o encrucillado dos instrumentos musicais?



HORIZONTAIS

1. Instrumento de percusión, formado por unha caixa cilíndrica cos fondos forrados cunha pel sobre a que se bate con baquetas ou coas mans.
2. Instrumento de percusión de orixe árabe semellante ao pandeiro. Adufe ou pífano?
3. Instrumento de madeira con cordas, que se toca fretando cun arco.
4. Instrumento de vento que consiste nun tubo metálico, polo xeral dobrado dúas veces sobre si mesmo.
5. Pandeiro pequeno e redondo con ferreñas.
6. Instrumento de vento que consta dun fol, que se enche soprando, e de varios tubos de madeira por onde sae o aire.
7. Instrumento que ten un conxunto de teclas que accionan uns marteliños que á súa vez golpean unhas cordas de metal.

1. TAMBOR 2. ADUFE 3. VIOLÍN 4. TROMPETA 5. PANDEIETA 6. GAITA 7. PIANO

9. «*Nas que axiña destacaron como moi bos tanxedores de zanfona, tiorba e lira*». Busca no dicionario a palabra *tanxedor* e elabora unha oración con ela.

TANXEDOR: _____

A ORACIÓN CON TANXEDOR: _____

10. Facemos unha cantiga. Fíxate nos exemplos e crea ti unha.

«Aparta loureiro verde,
deixa clarear a lúa.
Se non vexo o meu amor,
non vexo cousa ningunha».



«Unha nena nunha fonte,
por unha verza bebía.
A verza estaba rachada
e toda a auga vertía».

11. Localiza e arrodeia nesta sopa de letras as sete palabras do texto de Luísa Villalta que aparecen no recadro.

**NOBRE
ARTE
MÚSICA
CANTIGA
ZANFONA
Tiorba
LIRA**

**H S Z F B Ñ T H C N
C M A D Z L I R A V
L G N X R N O B R E
Q D F T B H R Z T S
G L O V F Q B X E N
C A N T I G A Ñ M D
X M A N G S Ñ F C L
B V Z Q M U S I C A**

12. Busca algunhas palabras no texto que conteñan algún di-
tongo. Explica que é un ditongo.

Un diptongo é _____

13. Completa cada cadro con catro palabras do texto.

BISÍLABAS



TRISÍLABAS

LIBRO DAS COLUNAS

EMIGRAR EN TERRA PROPIA

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que *somos* emigrantes, saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou decindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cóntanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudioso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o tonto. É total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Parécese un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un *nós* colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico.

...



ACTIVIDADES

1. Por que motivos emigran as persoas? Pinta as afirmacións verdadeiras.



2. Clasifica as vantaxes e os atrancos da emigración que figuran no recadro.

Non coñecer o idioma

Poder ter un traballo mellor

Gañar máis cartos

Non ter os mesmos costumes

Ter comidas diferentes

Non coñecer ningún

VANTAXES

INCONVENIENTES

3. Que pensas que quere dicir a frase do texto de Luísa Villalta «**Para emigar non fai falta moverse sitio**»? Subliña a túa resposta.

Que xa non coñeces ninguén.

Que cambiou moito o lugar onde vives.

Que tes que cambiar de idioma para falar coa xente.

4. Por que non lle dá importancia ao idioma galego a amiga da nai do alumno?

5. Por que é importante utilizar o galego? Risca as opcións que consideres falsas.

Porque é a lingua de Galicia.

Porque pertencemos a unha Comunidade con lingua propia.

Porque así saben que nacín nunha aldea.

Porque é a lingua dos nosos maiores.

Porque me sinto de Galicia.

Porque se non o usamos, o idioma esmorece e desaparece.

Porque me permite comunicarme con outras persoas.

Porque non serve para nada.

Porque amo o idioma galego.

6. Cres que o uso do galego está en perigo? Razona a túa resposta.

7. Fai unha enquisa a seis compañeiros ou compañeiras preguntándolles que idioma falan e que idioma fala a súa familia. Completa o gráfico cos datos.

EN QUE IDIOMA FALAS NORMALMENTE?

EN GALEGO

--	--	--	--	--	--

EN CASTELÁN

--	--	--	--	--	--

OUTRO

--	--	--	--	--	--

EN QUE IDIOMA FALADES NA VOSA CASA?

EN GALEGO

--	--	--	--	--	--

EN CASTELÁN

--	--	--	--	--	--

OUTRO

--	--	--	--	--	--

EN QUE IDIOMA FALAS COAS TÚAS AMIZADES?

EN GALEGO

--	--	--	--	--	--


EN CASTELÁN

--	--	--	--	--	--

OUTRO

--	--	--	--	--	--

8. Deseña un cartel para animar a falar galego e colócao, se che dan permiso os profes ou as profes, polos corredores do centro. Píntao.



CARTEL AUTORÍA DE: _____ **CURSO:** _____

9. Une as sílabas e forma o nome de cinco aves galegas, localízalos no rebumbio e arrodeáos.

LA	COR	TO	RI	A
AN	VER	DU	CA	ÑA
MOU	CO	CHO	VI	VO

	DU		
--	-----------	--	--

	VER	
--	------------	--

	CHO
--	------------

	TO		
--	-----------	--	--

	VO
--	-----------



10. Clasifica as palabras do texto que aparecen no recadro en agudas, graves e esdrúxulas.

emigrar pensa terra rapaz maleta
sentir paréceme síntoma único dramático

AGUDAS	
GRAVES	
ESDRÚXULAS	

11. No texto aparece unha palabra con diérese. Cópiala e explica para que serve a diérese.


12. Localiza no texto tres palabras trisílabas e outras tres tetrasílabas.

TRISÍLABAS



TETRASÍLABAS

13. Imaxina que tes que marchar vivir fóra. Fai unha carta de despedida para un compañeiro ou compañeira da túa clase.

A spiral-bound notebook with ten blank lines for writing.

14. Colorea as Comunidades onde se atopan as localidades de **Astorga**, **Burela** e **Madrid**.

